



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **19 de decembro de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

11.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO. EXPTE. 2130/440.

Visto o informe de fiscalización do 19.12.13 e de conformidade coa proposta de data 18.12.13, do secretario da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a COPCISA S.A. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de mellora e reposición do patio do colexio Alfonso Rodríguez Castelao (expediente 2130-440), por un prezo total de 154.008,80 euros I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 26.728,80 euros. Un prazo total de garantía de 26 meses, e o compromiso de execución das seguintes melloras:

Mellora (1). Instalación de cerramento en faldóns laterais da cuberta mediante panel sandwich liso estrutural de 40 mm de espesor, con fotomural o vinilo decorativo en ambos lados.

Mellora (2). Renovación do pavimento da pista polideportiva.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte de decembro do ano dous mil trece.



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.